

***CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR, DA XUNTA DE GALICIA E A AUTORIDADE PORTUARIA DE MARÍN E RÍA DE PONTEVEDRA PARA A CESIÓN DO USO DO CENTRO DE FORMACIÓN "A AIXOLA"***

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

Silvia Cortiñas Fernández, secretaria xeral técnica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral Técnica ten previsto formalizar coa Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Ferrol o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 16 de febreiro de 2022, ata o 15 de febreiro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións da cesión do uso e da posta a disposición da Consellería do Mar das instalacións do centro de formación "A Aixola", sito no dominio público portuario que xestiona a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra, para a realización de actividades de formación continua e ocupacional destinadas a traballadores do sector pesqueiro.

A superficie ou ámbito espacial do dominio público cuxa ocupación e utilización constitúe o obxecto do presente convenio identifícase como o centro de formación "A Aixola".



As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

Pola Consellería do Mar:

1. A xestión, programación e realización das actividades formativas, que executará directamente ou en colaboración con terceiras entidades. Os gastos derivados da súa realización serán con cargo aos seus orzamentos e outras axudas que puidese obter.

2. A asunción dos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, e en particular:

a. Asumir o pagamento e aboamento dos tributos satisfeitos polo organismo e que sexan de aplicación, incluíndo o Imposto sobre bens inmobles que lle corresponda á superficie.

b. Conservar en condicións adecuadas para servir ao uso ao que se destinan as obras e instalacións obxecto do presente convenio.

c. Asumir os gasto que resulten precisos legalmente para o desenvolvemento das actividades formativas ás que estea destinado o cento "A Aixola", asumindo a responsabilidade íntegra do seu cumprimento.

d. Asumir os gastos derivados do aseguramento, modalidade, todo risco, do contido e do continente, do inmovible obxecto da ocupación.

e. Adoptar as medidas de prevención e de seguridade precisas en relación coas actividades a realizar como centro de formación, co almacenamento de produtos inflamables e dos materiais e instalacións necesarias para as mesmas.

f. Asumir os requisitos e as obrigas establecidas nos artigos 5 e 7 do Decreto 106/2011, do 19 de maio, polo que se crea o Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar e se regula o procedemento para a inscrición e, de ser o caso, acreditación de centros e entidades



que imparten formación para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Asumir calquera xénero de responsabilidade fronte a terceiros que puidese xurdir da execución e explotación das instalacións, eximindo, polo tanto á APMRP deste tipo de responsabilidades. En ningún caso a APMRP será responsable das obrigas contraídas pola Consellería do Mar nin dos danos e perdas causados a terceiros.

Pola Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra:

A Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra asume o compromiso de ceder o uso do Centro de formación "A Aixola". Esta cesión non implica a cesión da titularidade de dominio público corresponde ao Estado, nin das facultades anexa á ela e enténdese outorgada salvo os dereitos preexistentes e sen prexuízo de terceiros.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos o fomento da formación, capacitación e reciclaxe dos profesionais do sector pesqueiro, de acordo co establecido no artigo 117 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de Pesca de Galicia.

A Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra ten especial preocupación pola mellora das actividades que utilizan o porto como soporte, e en especial, as pesqueiras e as propias da xestión e uso do porto.

Dentro da zona de servizo de porto atópase o centro de formación "A Aixola", que reúne as condicións óptimas para desenvolver as actividades formativas de interese da Consellería do Mar.

Con data de 19 de decembro de 1996, froito da colaboración previa entre ambas



entidades na promoción de diversos proxectos da escola taller de carpintería de Ribeira, as entón Consellería e Pesca, Marisqueo e Acuicultura e a Autoridade de Marín-Pontevedra, subscribiron un convenio para o funcionamento do centro de formación "A Aixola" no que o Porto de Marín ao entender que a formación de traballadores do sector pesqueiro, tanto activos como desocupados constituía uno dos obxectivos da Consellería, que dispoñía de medios para realizar cursos de formación continua e ocupacional, ben directamente ou en colaboración outras entidades.

Este convenio establecía unha vixencia anual prorrogable automaticamente; sen embargo, en virtude do disposto na disposición adicional octava da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, que establece que todos os convenios con prórroga por tempo indefinido terán unha vixencia de 4 anos a partires da entrada en vigor de dita Lei, hai que entender que a súa vixencia expirou o 2 de outubro de 2020.

Ambas institución consideran conveniente seguir colaborando na capacitación dos colectivos que abandonan a pesca para continuar exercendo a súa actividade noutros oficios do sector marítimo, coordinando os medios materiais e humanos co fin de lograr unha máis eficaz utilización dos recursos.

O apartado 3 do artigo 73 do Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, dispón que cando sexa precisa a utilización do dominio público portuario polas Administracións das Comunidades Autónomas, ou por calquera organismo ou entidade dependente delas, respecto de aquelas comunidades que prevexan na súa lexislación un réxime similar de utilización de bes demaniais da súa titularidade polas Administración Xeral do Estado ou os seus organismos públicos, deberá ser subscrito o correspondente convenio, no que se establecerán as condicións de utilización, así como as taxas e custes que, se é o caso, deba asumir aquel.

A Autoridade Portuaria considera que se trata dunha utilización do dominio público



portuario compatible coa normal explotación do porto.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago a

*(asinado dixitalmente)*

